



RIBEIRA SACRA
Consello Regulador Denominación de Orixe

LIMITACION DE NOVAS INSCRICIONS NO REXISTRO DE VIÑAS DA DO RIBEIRA SACRA

1. CRITERIOS APLICADOS

Os criterios aplicados para definir unha zona cha que podería ter viñedos amparables na DO Ribeira Sacra, son os reflexados no informe “Informe da comisión de viticultura para informar o pleno dos criterios seguidos na DO Ribeira Sacra para considerar unha zona susceptible de ter viñedos amparados na DO”

Zona de ribeira: Entendida como tal a zona que mira o río, e que está en pendente (mínima do 20 %), e que historicamente fora unha zona de viñado. Considéranse actas para súa incorporación parcelas chas, ou con pouca pendente (menos do 20 %), cando se atopen encravas en zona de ribeira.

Zona Cha: Zonas sen pendente (menor do 20 %), que foron zonas historicamente de viñado (antes de 1985), e que actualmente seguen tendo viñado de xeito significativo.

2.- LIMITACION DE NOVAS PLANTACIONES EN ZONAS DE RIBEIRA

Proponse establecer a limitación de inscrición das viñas de nova plantación situadas en zonas de ribeira:

“Acordase que, das zonas de ribeira, das parroquias amparadas na DO, só se poderán inscribir no rexistro de viñas do Consello Regulador novas plantacións ,que o órgano de control considere actas, tendo en conta a definición de zona de ribeira: Entendida como tal a zona que mira o río, e que está en pendente (mínima do 20 %), e que historicamente fora unha zona de viñado. Considéranse aptas para súa incorporación parcelas chas ou con pouca pendente (menos do 20 %), cando se atopen encravadas en zona de ribeira”.



RIBEIRA SACRA
Consello Regulador Denominación de Orixe

2.- LIMITACION DE NOVAS PLANTACIONES EN ZONAS CHAS

Proponse aplicar, nas zonas chas, das parroquias amparadas na DO (excluídas as parroquias de ampliación, Toldaos, Moreda, Pantón, Deade, Castellón e Ferreira de Pantón no Concello de Pantón, Villaescura, Canabal, Proendos e Neiras no Concello de Sober e as parroquias de Moreda e Seoane no Concello de Monforte de Lemos, por ter a súa propia normativa) a seguinte limitación:

“Acordase que, das zonas chas, das parroquias amparadas na DO, (excluídas as parroquias de ampliación) só se poderán inscribir novas plantacións no rexistro de viñas da DO Ribeira Sacra, si o órgano de control as considera actas, tendo en conta a definición de zona cha (zonas sen pendente (menor do 20 %) que foron zonas historicamente de viñado (antes de 1985), e que actualmente seguen tendo viñado de xeito significativo) e se atopen en algunha destas situacións:

VIÑAS PLANTADAS ANTES DO 1 DE AGOSTO DE 2025

Das viñas plantadas no ano 2025 solicitaráselle un certificado do Rexistro Vitícola de Galicia coa data da resolución de final de plantación.

VIÑAS PLANTADAS DESPOIS DO 1 DE AGOSTO DE 2025

SITUACION 1: Con autorización de dereitos de nova plantación con concesión anterior a 1 de agosto de 2025.

SITUACION 2: Sempre que a parcela ou parcelas de orixe da autorización de replantación estivera situada en zona cha de algunha zona amparada na DO Ribeira Sacra incluídas as parroquias de ampliación.

Solicitarase un certificado do rexistro vitícola de Galicia da parcela ou parcelas de orixe de cita autorización de replantación.



RIBEIRA SACRA
Consello Regulador Denominación de Orixe

2.- LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN NAS PARROQUIAS DE AMPLIACIÓN

O once de novembro de dous mil nove mediante acordo de pleno en pleno Ordinario do Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra se acorda que as “parroquias de Toldaos, Moreda, Pantón, Deade, Castellón e Ferreira de Pantón no Concello de Pantón, Villaescura, Canabal, Proendos e Neiras no Concello de Sober e as parroquias de Moreda e Seoane no Concello de Monforte de Lemos) so pertencerán a Denominación de Orixe aquelas plantacións que a data 02 de Outubro de 2009 estiveran plantadas e con dereitos.

En acordo do Pleno Ordinario do Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra celebrado o dous de febreiro de dous mil dezanove acordouse que “para poder plantar viñado en zonas de ampliación (as parroquias “ Toldaos, Moreda, Pantón, Deade, Castellón e Ferreira de Pantón no Concello de Pantón, Villaescura, Canabal, Proendos e Neiras no Concello de Sober e as parroquias de Moreda e Seoane no Concello de Monforte de Lemos) so se poden plantar se os dereitos pertencen a esa zona de nova ampliación”. Este acordo solo permite a plantación de viñas amparadas dentro de DO nas parroquias de ampliación sempre que cumpra que a parcela orixe dos dereitos estivera plantada antes do 2 de Outubro de 2009 en zona de ampliación. Para comprobar que isto se cumpre para as parcelas que se pretendan inscribir e que se teñan plantado con posterioridade o 2 de outubro de 2009 se lles solicitará un certificado de orixe dos dereitos da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia para comprobar que os dereitos proveñen de zona de ampliación